

RÍO VERDUGO

(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Outeiro Grande, na Serra do Cando. En Cernadelas (Santa María de Presqueiras-Forcarei)
LONXITUDE	40 km
PERCORRIDO	Poboacións: Pontecaldelas, Arcade, Pontesampaio
DESEMBOCADURA	Ría de Vigo (Océano Atlántico)
CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	Superficie: 333,5 km ² (177,7 km ² corresponden á bacía do Oitavén). Concellos: Forcarei, Beariz, Cotobade, A Lama, Pontecaldelas, Fornelos de Montes, Pontevedra, Soutomaior, Pazos de Borbén. NORTE: Cando, Castrelada, A Fracha. SUR: Coto Eiras, Galleiro LESTE: serra do Suído
AFLUENTES DEREITA	Porto Salgueiro, Barbeira, Calvelle, Riboi
AFLUENTES ESQUERDA	Portalaxe, Pequeno, Oitavén O Oitavén nace no Coto da Agulla, na Serra do Suído (A Xesta-A Lama). No curso alto, ata a confluencia co Parada, chámase Xesta. Despois de 33 km de percorrido por terras dos concellos de A Lama, Fornelos de Montes e Soutomaior xúntase co Verdugo sete quilómetros antes da desembocadura. Ten como afluentes pola dereita: Os Muíños, Regueiros, Portalago e Piñeiral; e pola esquerda: Parada ou Valdome, Barragán ou Freazal e Pequeno ou Aranza.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O Verdugo e o Oitavén discorren por un terreo moi fracturado e dun gran desnivel (en 30 km salvan case 800 m de desnivel), moi encaixados e con cambios constantes de dirección, formando numerosos saltos, rápidos e pozas. Na desembocadura forma un amplo esteiro.
CLIMA	Atlántico. As cabeceiras do Oitavén, na serra do Suído, están situadas nunha das zonas de máis alta pluviosidade de Galicia (1800-2000 mm).
TIPO DE RÉXIME	Pluvial. Teñen as maiores enchentes no mes de febreiro e no mes de agosto presentan unha forte estiaxe.
CAUDAL	17 m ³ /s (as maiores achegas proceden do río Oitavén).
FLORA	En xeral todo o curso do río conserva bosques de ribeira que acollen unha gran diversidade de especies: salgueiros, amieiras, freixos, sabugueiros, carballos, silvas, herba salgueira, hedras, pé de boi, fentos, brións, liques, oucas, xuncos, espadanas... Destacan as carballeiras da Xesta e Barragán.
FAUNA	No río podemos atopar troitas, rás, salamántigas, lontras, cobras sapeiras... e unha gran variedade de insectos, especialmente libeliñas, gaiteros e cabalos do demo. No esteiro hai unha gran variedade de aves acuáticas, sobre todo limícolas e anátidas nos pasos migratorios.
APROVEITAMENTO	Subministro de auga para usos urbáns, agrícolas e industriais, pesca, enerxía eléctrica, lecer... No Verdugo hai tres centrais eléctricas (Feixa 1, Feixa 2 e Ponte do Demo) e no Oitavén está a central de Eiras. En Pontecaldelas. A carón do río, hai fontes termais de baixa temperatura que se empregaban no desaparecido balneario en tratamentos con baños ou como bebida.
ESPAZOS PROTEXIDOS	LICs: Enseada de San Simón (o tramo final do esteiro), Serra do Cando, Serra do Suído (pendente de aprobación).
DATOS HISTÓRICOS	Na Ponte Sampaio, nos primeiros días de 1809, a gloriosa “División do Miño” derrotou ao exército francés que, ao mando do Mariscal Ney, pretendía someter Galicia á obediencia de Bonaparte.
TRADICIÓNS-LENDAS	BAUTIZOS PRENATAIS Na ponte de Ponte Sampaio levábase a cabo o bautismo anticipado. Sométense a el mulleres preñadas con antecedentes de malos partos que queren lograr unha feliz xestación e parto. Acoden á ponte, na noite do sábado ao domingo ás doce da noite, acompañadas de dous parentes homes que se sitúan a cada extremo da ponte impedindo o paso. O primeiro home que intente pasar será o “padriño” e el irá coller a auga ao río e

	<p>verteráa sobre o ventre da muller encinta ao tempo que recita a fórmula do bautismo. Rematada a cerimonia celébrase unha comida sobre a ponte e logo a embarazada bota ao río, de costas á baranda e por riba dos ombros, o sobranche da comida, a louza e o resto dos utensilios.</p>
CURIOSIDADES	<p>O río Verdugo ten sona pola pesca da troita. O último domingo de maio celébrase en Ponte Caldelas a festa da troita e o concurso internacional de pesca de salmónidos.</p>
PROBLEMAS	<p>Alteracións de ecosistemas polas obras, especialmente centrais eléctricas, contaminación por verquidos.</p>

RÍO: VERDUGO



